
FÍSICOS DE ALTAS ENERXÍAS DA USC PARTICIPAN NO EXPERIMENTO QUE CAMBIARÁ A HISTORIA DA FÍSICA

- Actualizado ()

Os primeiros datos reais dos experimentos do LHC empezan a chegar aos centros de computación, como o CESGA, para a súa posterior análise.

O 30 de marzo de 2010 o acelerador de partículas máis grande do mundo, o Large Hadron Collider, LHC, instalado no CERN, reproduciu as condicións existentes tras o Big Bang ao facer colisionar dous feixes de protóns cunha enerxía de 7 TeV (teraelectronvoltios). Nos experimentos participan miles de científicos de grupos de investigación de máis de 37 países, entre os que se encontra o *Grupo de Investigación de Altas Enerxías da Universidade de Santiago de Compostela.*

Dirixido polo catedrático Bernardo Adeva Andany, o Laboratorio de Física de Altas Enerxías da USC é parte integrante do equipo internacional a cargo do Silicon Tracker do detector do LHCb, un dos seis experimentos en marcha no LHC do CERN. O grupo da USC investiu 10 anos na construción do detector interno do Silicon Tracker, o Inner Tracker, empregando instrumental e tecnoloxía propios.

Varios dos seus membros desempeñan labores de coordinación no experimento no CERN. O grupo ademais opera un centro Tier-2 para o proceso de datos do experimento LHCb, e veñen desenvolvendo unha infraestrutura de computación grid para recepción e análise dos datos, en colaboración co Centro de Supercomputación de Galicia, CESGA, e a Universidade de Barcelona.

(+)